



Concello  
de  
Narón

**ORDENANZA NÚM. 14.- REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS  
PRESTADOS POLO PADROADO DE CULTURA.**

**ARTÍGO 1.-**

**FUNDAMENTO E NATUREZA.**

O abeiro do previsto na Lei reguladora das facendas locais este concello establece a taxa pola prestación de servicios do Padroado da cultura, que se a rexer pola presente ordenanza.

**ARTÍGO 2.-**

**FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servicios públicos do Padroado de cultura especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

**ARTÍGO 3.-**

**SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios do Padroado de cultura que constitúan o feito impoñible da taxa.

**ARTÍGO 4.-**

**RESPONSABLES.**

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboradores na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data de cese.



4.- A responsabilidade esixirásese en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

## **ARTÍGO 5.-**

### **BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

## **ARTÍGO 6.-**

### **COTA TRIBUTARIA.**

1.- A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

#### **A) Tarifa Primeira.-**

Matrícula por curso nas Escolas: teatro, debuxo, danza, gaita e percusión e outras. 45,00.- €

#### **B) Tarifa Segunda.-**

a) Entradas ás diferentes representacións organizadas polo Padroado de cultura feitas por profesionais:

**ADULTOS** 8,00.- €

**NENOS** (menores de 14 anos e poseedores do carnet xove ou de estudante) 4,00.- €

b) Entradas a outras representacións e concertos con carácter excepcional:

Entrada única 15,00.- €

c) Bono para as diferentes representacións organizadas polo Padroado de cultura:  
Bono válido para 10 representacións 56,00.- €

#### **C) Tarifa Terceira**

Matrícula 2º ciclo Escola Profesional de Teatro, por cada curso. 175,00.- €

## **ARTÍGO 7.-**

### **NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- A xunta rectora do Padroado municipal da cultura de Narón ha fixa-los períodos hábiles durante os cales os alumnos poden solicitar a súa matriculación nas disciplinas e cursos dos programas que respectivamente se impartan.

Os alumnos pagarán, no momento de solicitar a súa matrícula, a taxa correspondente ó número de disciplinas e cursos polos que desexen recibir ensinanza.

2.- A xunta do padroado poderá acorda-la subvención ata 95 % das tarifas previstas para estas taxas cando, en atención o carácter social, cultural, benéfico ós que se refire o apartado anterior, instaranos ó presidente do Padroado de cultura acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa realización.

O acordo que se adopte deberá ser motivado e conte-los informes pertinentes.



Concello  
de  
Narón

3.- As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios ós que se refire o apartado anterior, instaranos ó presidente do Padroado de cultura acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión.

4.- A excepcionalidade das representacións que figuran no apartado c) do artigo 6-b será fixada pola xunta do padroado.

5.- O pago da matrícula correspondente a tarifa terceira poderá ser fraccionada en dous prazos do 50% cada un deles.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.